



Luís Teira Parada como concelleiro do BNG neste concello, fai as seguintes preguntas sobre a **motobomba contraincendios municipal**, dirixidas ao Pleno Municipal para a súa resposta.

Dende hai varias semanas unha das motobombas contraincendios do concello non está aparcada no seu lugar habitual a carón da base de Protección Civil nas inmediacións da Casa do Concello.

Dase a circunstancia de que este camiión é o que ten gindastre elevador, de indubidable utilidade tanto para incendios como para a colocación de pancartas, etc.

Sabendo pois que estamos en época de risco de incendios forestais a nomeada motobomba debería estar completamente operativa na base para poder intervir de xeito inmediato no caso de incendio.

Ante estas cuestións, pregunto:

¿Por que non está no seu lugar habitual a motobomba municipal?; no caso de estar avariada, ¿cal é a súa avería?; ¿durante canto tempo se vai dar esta situación?; ¿que medidas está tomando o goberno municipal para resolver este problema?

En Ribeira a 2 de agosto de 2007

Luís Teira Parada
Concelleiro do BNG

Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira